



ASOCIACIÓN DE AMIG@S DAS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS
'OS GALOS'. BUEU. C.I.F.: G-36353464

Os Galos acomete as reparacións máis urxentes do estaleiro de Purro

- As administracións cercaron o recinto hai quince días
- Os traballos realizáronse con medios propios

A asociación de amig@s embarcacións tradicionais 'Os Galos' de Bueu realizou tarefas de mantemento e limpeza no estaleiro de Purro a pasada fin de semana. O estado lamentable de conservación no que se atopan as instalacións obrigan a tomar esta decisión de carácter urxente á marxe das administracións. As reparacións leváronse a cabo cos medios dos que dispón o colectivo.

A pesares de que o único estaleiro de ribeira que queda na Ría de Pontevedra **foi incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia** pola dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia fai máis dun ano e tanto o Servizo Provincial de Costas coma o Concello de Bueu coinciden na premura de realizar as tarefas de mantemento pertinentes para evitar o seu colapso, ningunha administración actúa. Dende que no mes de febreiro os técnicos do concello fixeran público un informe que alertaba do seu estado tan só procederon ó seu valado exterior a finais do mes pasado con placas metálicas. O resultado deixa ó estaleiro cun aspecto que pouco teñen que ver coa imaxe dun estaleiro de ribeira tradicional.

Os Galos asume os riscos desta actuación posto que o obxectivo é manter o estaleiro en pé ata a súa restauración, amais de tratar de evitar o perigo que supón para a cidadanía non facer nada. O pasado sábado acometeuse a súa limpeza e apuntaláronse as dúas vigas máis afectadas cos medios dos que dispón a asociación: remos e mastros.

O colectivo buenense **reivindica a posta en valor do estaleiro de Purro e esixe ás administracións competentes que actúen a prol da conservación** dun ben que contribuíu a ser o que hoxe é Bueu: unha vila mariñeira. A súa desaparición significaría borrar unha parte da nosa identidade como pobo e unha perda de valor non cuantificable.

Comunicación Os Galos: Diana Bernárdez – **659 131 854**

Presidente Os Galos: Victor M. Domínguez Antas – **662 614 402**